

NOTA DE PRENSA

-XII Xornadas de Arquitectura Bioclimática-

Os arquitectos cataláns Jaume Valor e Marc Obradó achegan a Santiago o seu método de ecodeseño na xestión arquitectónica

Defenden o compromiso social da arquitectura e os seus instrumentos como transformadores da realidade

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2009 (Vía Láctea Comunicación).- A Delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) pecha esta fin de semana a duodécima edición das Xornadas de Arquitectura Bioclimática coa presenza dos arquitectos **Jaume Valor e Marc Obradó**, do estudio de arquitectura catalán **Exe Arquitectura**, que falarán sobre o seu posicionamento fronte á arquitectura sostible. *Arquitectura e sostibilidade da autosuficiencia á sociedade das redes* é o título xeral da súa intervención, que se celebrará hoxe venres de 19 a 21:30 horas e mañá sábado de 10 a 14 horas na sede colexial de A Quintana.

En concreto, estes dous arquitectos describen o seu sistema de xestión en ecodeseño para garantir a sostibilidade dos seus proxectos e obras. Ademais, explicarán tres casos que representan tres achegamentos diferenciados pero compatibles coa sostibilidade en arquitectura. Son os seguintes:

- Unha escola industrializada en Llagostera (Girona), sometida a prazos e presupostos moi estrictos que amosa as vantaxes medioambientais das tecnoloxías de construción en seco.
- Un edificio para Centro de Asistencia Primaria, vivendas asistidas para xente maior e aparcamento no centro de Barcelona (un dos 4 proxectos-piloto en Europa do programa *HighCombi* de alto rendemento en enerxía solar da UE e que conta con certificación enerxética "A").
- Un proxecto de vivendas para un promotor privado, tamén en Barcelona, que parte da premisa "balance cero" en consumo enerxético e busca unha alta eficiencia de xestión da agua así como a redución da pegada ecolóxica e o uso de materiais saudables.

EXE Arquitectura

EXE Arquitectura é un estudio novo, fundado en 2004 (froito da fusión de dous estudos con máis de 12 anos de experiencia), coa intención de crear unha organización dotada dos recursos e a estrutura necesaria para levar a cabo proxectos que reúnan unha alta calidade arquitectónica e de servizos aos clientes públicos, privados e particulares, que entendan a arquitectura como un valor engadido á actividade construtiva, valoren a xestión eficiente, o trato individualizado das súas necesidades e a xestión baseada na confianza mutua.

Valor e Obradó afirman que a arquitectura que sae do seu estudio profesional é singular na súa identidade, intensa na súa percepción, posible na súa concepción e social no seu compromiso. Os arquitectos entenden os proxectos como instrumentos de transformación da realidade que sintetizan aspectos sociais, económicos, tecnolóxicos, ambientais e culturais aos que se deben dar respostas contemporáneas.

N.B.- Inclúe fotografía do proxecto Llagostera

SAÚDOS

Prensa COAG-Santiago

981 55 44 07

www.vialactea.es